

Sinto

Sinto un calor abafante
que chega ata os ósos
nunha curva vertixinosa
que cala e cruza
ata o corazón

Sinto a ameaza preto
a treboada á distancia
un refacho
unha nube
unha pinga de choiva
que desencadea a catástrofe

Sinto punzante o alfinete
que se crava nas costas
paseniño
coa presión precisa
para non quebrar
pero cunha tensión persistente
que vai ata o interior da gaiola dos meus pensamentos

Sinto un espazo claustrofóbico
unha mente que non encontra maior cabida,
un lugar inhóspito
hostil
contradictorio
cheo dunha información
inválida, inútil
necesaria nunha existencia
que por momentos semella absurda

Sinto

porque sentir é a miña confirmación
é o que consolida o restante da miña forza
sinto pero síntome rodeada
incapaz de assimilar o inevitable

Sinto e á vez que sinto recordo
sinto aínda que desexe que remate
sinto porque sei que o vai facer
sinto por compasión
e sinto por egoísmo

Sinto como hipócrita
e sinto como empática
sinto cos instintos máis esenciais
e sinto co corazón
procedente dun corpo
que me confirma unha existencia
que en momentos de crise
semella vaga
semella etérea
semella como unha finalidade efémera,
un propósito que se vai esvaecendo
nas meniñas cansadas e húmidas,
espellos dunha vida

Sinto
ante a dificultade
sinto por quen me fixo sentir
sinto forte
sinto doce
piano
fortissimo
aínda que ás veces semelle un erro

Sinto
aínda que doía sentir
sinto por quen son
por quen fun
por quen me fixo ser
sinto ata a saciedade dun mundo
decepcionante
un mundo noso
un nós cada día máis desdibuxado
nun horizonte incerto
nunha sociedade
indeseable
sinto a pesar do insensible

Sinto
para seguir
sinto como punto de inflexión
como punto e coma

como punto e a parte
nunca como punto e final

Sinto
o lóstrego palpitante
o incesante clamor dunha realidade
que considero miña por momentos
sinto contra todo pronóstico
sinto ante a adversidade
sinto como necesidade
e sinto como elección
sinto porque sen sentir
a vida
perde o sentido